

OBRADOIRO: COMO POÑER EN MARCHA O MEU PROXECTO COOPERATIVO

[Encadrado no convenio de colaboración con Concello de A Coruña]

DATAS REALIZACIÓN	Do 25 de outubro ao 19 de novembro 2021	DURACIÓN	40 horas
LUGAR CELEBRACIÓN	A través da plataforma de teleformación http://aulaespazocoop.com Celebraranse 3 sesións virtuais de aprendizaxe os días: 26 de outubro, 5 e 15 de novembro en horario de 11:00 a 12:30 hs.		
PERSOA DE CONTACTO	Patane García Méndez	TELÉFONO	881 887 456
		E-MAIL	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE [PREMA AQUÍ](#)

OBXECTIVOS

- 1) Dar a coñecer á cidadanía en xeral e ás persoas emprendedoras en particular, o modelo empresarial das cooperativas e empresas da Economía Social. Visibilizándoas como fórmula acaída para a creación de emprego estable e de calidade, fixación da poboación no territorio, acceso das mulleres a postos de responsabilidade e limitación da fenda salarial, recuperación de empresas en crise, etc.
- 2) Facilitar o acceso ao coñecemento e a formación das persoas residentes na cidade da Coruña a través de cursos de teleformación que permitan a participación en actividades formativas a distancia sen riscos para a saúde pero contando con todos os apoios e calidade da formación especializada de Espazocoop.
- 3) Promover a creación dun ecosistema emprendedor no cooperativismo e na economía social na cidade da Coruña que se poida materializar, nun futuro próximo, na constitución de novas cooperativas que enriquezan o tecido produtivo da cidade.

PROGRAMA E CONTIDO

- | | |
|---|---|
| <ol style="list-style-type: none"> 1. Presentación <ol style="list-style-type: none"> 1.1 Coñece ás cooperativas: 1.2 Coñece a Economía Social 1.3 O Emprendemento 2. Como se traballa nunha cooperativa. Condicións básicas. <ol style="list-style-type: none"> 2.1 Que é unha cooperativa 2.2 Diferencias das cooperativas con outros modelos empresariais | <ol style="list-style-type: none"> 3. Organización cooperativa <ol style="list-style-type: none"> 3.1 Organigrama Cooperativo 3.2 Asembleas e reunións 3.3 Organización Societaria e do traballo 3.4 Documentación social e contable 4.- Experiencia cooperativa. <ol style="list-style-type: none"> 4.1 Pasos constitución 4.2 Recursos financeiros 4.3 O cooperativismo na Coruña. Diálogo con cooperativistas |
|---|---|

METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse tres sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito sincrónico, a relación e traballo colaborativo.

As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo tutorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o teléfono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das tutorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe. Realizaranse tres sesións virtuais de aprendizaxe ao longo do curso. As persoas que non poidan participar nelas terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

DIRIXIDO A

Persoas cunha idea de negocio e/ou proxecto empresarial interesadas en valorar a viabilidade de emprender baixo a fórmula cooperativa. Primarase a participación de persoas pertencentes a grupos promotores, ás que proveñan de empresas en crise, persoas traballadoras coa condición de autónomas, etc.